

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE XULLO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de xullo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de xullo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Anxo García Feijoo

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 7 de xuño de 2024 (RE-E núm. 317), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ANXO GARCÍA FEIJOO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	CUOCO ESTILO S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	LIMPEZA DE TELLADO E IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZA
SITUACIÓN	AVENIDA LALÍN-MONFORTE NÚM. 18
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 – BLOQUE PECHADO
REFª CATASTRAL INMOBLE	6125509NH8262N0001FK
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (compromiso de dirección de obra do arquitecto técnico Don Pablo Dafonte Vázquez)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	4.000,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/07/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de OITENTA EUROS (80,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

ANTECEDENTES

1º.- Dona María Elena Somoza Calviño, na representación que acredita no presente expediente de Don JOSÉ FERNÁNDEZ DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 12 de xullo de 2024 (RE-E núm. 400) unha segunda prórroga do prazo de execución de OBRAS MENORES EN EDIFICIO, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2023, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto

143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 1 de setembro de 2023, cun prazo de execución de sete (7) meses.

4º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 3 de abril de 2024, concedeuse ao solicitante una primeira prórroga do prazo de execución ata o día 15 de xullo do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/07/24, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha segunda e última prórroga do prazo de execución da obra, ata o máximo legal dun ano, que rematará o día 1 de setembro de 2024.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA A INSTALACIÓN DE AEROTERMIA PARA CLIMATIZACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local da Resolución do 5 de xuño de 2023 da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalación de enerxías renovables térmicas en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG núm. 114, do 16/06/24, modificado en datas 29/12/23 e 07/03/24), e da conveniencia para o interese público de solicitar unha axuda para a instalación dun sistema de aerotermia para a climatización do Centro de Saúde.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Instituto Enerxético de Galicia unha axuda económica por importe de VINTE E OITO MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (28.125,00 €) para o proxecto denominado “*Instalación de aerotermia para climatización do Centro de Saúde*”.

Segundo.- Aprobar a Memoria técnica do investimento redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, cun orzamento de execución de CORENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (44.952,61 €), IVE incluído.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA A INSTALACIÓN DE AEROTERMIA CON ACUMULADORES PARA O PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local da Resolución do 5 de xuño de 2023 da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalación de enerxías renovables térmicas en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG núm. 114, do 16/06/24, modificado en datas 29/12/23 e 07/03/24), e da conveniencia para o interese público de solicitar unha axuda para a instalación dun sistema de aerotermia con acumuladores para o pavillón polideportivo municipal

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Instituto Enerxético de Galicia unha axuda económica por importe de VINTE E NOVE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (29.250,00 €) para o proxecto denominado *“Instalación de aerotermia con acumuladores para pavillón municipal”*.

Segundo.- Aprobar a Memoria técnica do investimento redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, cun orzamento

de execución de CORENTA E OITO MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (48.788,39 €), IVE incluído.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

6.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2024/2025

ANTECEDENTES

1. Con data 18 de maio de 2005 entrou en funcionamento a instalación municipal denominada Punto de Atención á Infancia (PAI).
2. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2021, aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI). Dita normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, atopándose plenamente en vigor a esta data.
3. O artigo 9 do dito Regulamento dispón que o Concello abrirá anualmente un prazo de solicitude para a inscrición dos/as menores usuarios/as.
4. Para o curso 2024/2025 abriuse o corresponde prazo de presentación de solicitudes mediante acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 05/06/24 e, durante o prazo establecido que rematou o día 26 de xuño de 2024, presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
Sandra Estévez Iglesias	████████	07/06/24	912	Mateo Conde Estévez
Isabel Saa García	████████	07/06/24	914	Iker García Saa
Yolanda Domínguez Patao	████████	13/06/24	948	Manuel Fernández Domínguez
Vanesa Lorenzo Jorge	████████	18/06/24	971	Enea Mosteiro Lorenzo
Iago Diéguez Alonso	████████	19/06/24	981	Gael Diéguez Salmerón
Mayessa Slendy Jaimes Flórez	████████	20/06/24	1000	Elián García Jaimes
Alberte Lamazares Casero	████████	20/06/24	1002	Antón Lamazares Dafonte
Nikol Daniela Pabón Flórez	████████	21/06/24	1013	Julieta Jaimes Pabón
Silvia Montoto Espiño	████████	25/06/24	1024	Álex González Montoto
Iván Vázquez Senra	████████	25/06/24	1035	Xián Vázquez Castiñeira
Alba Simón Valladares	████████	26/06/24	1041	Marco Vázquez Simón
María José Fafián Senra	████████	26/06/24	1042	Irina Faílde Fafián
María Ester Redondo Meira	████████	26/06/24	1044	Leire Rodríguez Redondo
Ximena Mantilla Jaimes	████████	26/06/24	1045	Gael León Mantilla
Nathalie Carolina Pose Varela	████████	26/06/24	1046	Chloe Alarcón Pose
Mireia Ortego López	████████	26/06/24	1047	Naia Fernández Ortego

5. Os Servizos Sociais do Concello emiten o correspondente informe, con data 15/07/24, no que se acredita o cumprimento das solicitudes presentadas dos requisitos esixidos e procede á puntuación das admitidas segundo o baremo aplicable.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir todas as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos esixidos no Regulamento en vigor.

Segundo.- De conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais municipais, acordan dar de alta como usuarios/as do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Rodeiro, para o curso 2024/2025, aos/ás seguintes nenos/as:

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Julieta Jaimes Pabón	Rodeiro – Rodeiro	26	Completa
Elián García Jaimes	Rodeiro – Rodeiro	25	Completa
Gael Diéguez Salmerón	Quintá – Santa Mariña de Pescoso	24	Parcial de tarde
Iker García Saa	A Feira – Río	24	Completa
Manuel Fernández Domínguez	Rodeiro – Rodeiro	23	Completa
Enea Mosteiro Lorenzo	Xabalde – San Salvador de Camba	22	Parcial de mañá
Irina Failde Fafián	Asperelo – San Martiño de Asperelo	19	Completa
Álex González Montoto	Mamoelas – San Cristovo do Az	19	Completa
Leire Rodríguez Redondo	Verlás – Santa Baia de Camba	18	Completa
Antón Lamazares Dafonte	A Veiga – Río	16	Completa
Marco Vázquez Simón	Cristimil – San Cristovo do Az	16	Completa
Gael León Mantilla	Rodeiro – Rodeiro	16	Completa
Mateo Conde Estévez	Rodeiro – Rodeiro	15	Completa
Xián Vázquez Castiñeira	Vistuíde – San Cristovo do Az	14	Completa
Naia Fernández Ortego	Areán – San Cristovo do Az	11	Completa
Chloe Alarcón Pose	Rodeiro – Rodeiro	7	Completa

Terceiro.- Os/as usuarios/as admitidos/as deberán acreditar ante o Concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte ao do recibo da notificación do presente acordo, a documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do/a usuario/a, presentando no Concello copia fidedigna da seguinte documentación:

- Copia auténtica da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.
- Certificado médico do/a menor, facendo constar se padece algunha enfermidade ou alerxia e se precisa medicación ou outro tipo de observación ao respecto.

Advírtese expresamente que a no presentación de dita documentación no prazo establecido ao efecto, constitúe causa de baixa do/a usuario/a no servizo, que se efectuará por acordo do presente órgano, previa audiencia ao/á interesado/a.

7.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Dona María del Mar Cambeiro Areán, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA SAN XOÁN DE CAMBA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Lamazares, parroquia de Camba (RE núm. 1037, do 25/06/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Xoán de Camba celebradas os pasados días 22, 23 e 24 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

8.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral indefinida, coa categoría de auxiliar de axuda no fogar, Dona María Ángeles Pampín Expósito (RE núm. 1187, do 18/07/24), solicitando o recoñecemento do cuarto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 14 de outubro de 2015, 2 de setembro de 2019 e 21 de abril de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de tres trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral indefinida Dona María Ángeles Pampín Expósito o seu dereito a percibir o cuarto trienio con data de

consolidación do día 26 de marzo de 2024 e con efectos económicos do día 1 de abril de 2024.

9.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA CUBRIR DE XEITO TEMPORAL UN POSTO DE TRABALLO DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que no Boletín Oficial del Estado núm. 138, do día 7 de xuño do corrente, publícase a convocatoria para a provisión como persoal laboral fixo dos postos de traballo incluídos na Oferta Pública de Emprego aprobada no seu día, de conformidade coas bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2022.

Estando a esta data o proceso selectivo en marcha faise necesario para o interese público a provisión de determinados postos de traballo que se atopan vacantes pero que se corresponden con servizos públicos de carácter esencial para a comunidade, tales como a axuda no fogar a dependentes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación temporal por substitución, para cubrir o seguinte posto de traballo durante o proceso de selección ata a súa cobertura definitiva, por un período máximo de tres meses, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA LUISA FERREIRO BLANCO, con DNI núm. [REDACTED], no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, a tempo completo (37,5 horas/semana).

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

10.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PISCINA MUNICIPAL DE RODEIRO

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar unha serie de actividades de deporte, ocio e tempo libre, a desenvolver nos meses de verán. Dentro delas vanse ofertar cursos de natación para nenos e adultos, así como unha actividade de aquagym para adultos, ambas a desenvolver na piscina municipal de Rodeiro.

As principais características das actividades a programar serán as seguintes:

- ✓ As actividades desenvolveranse durante o mes de agosto.
- ✓ Os cursos de natación terán a seguinte calendarización:
 - Iniciación (de 5 a 10 anos): martes e xoves de 12 a 13 horas.
 - Iniciación (maiores de 11 anos): martes e xoves de 13 a 14 horas.
 - Perfeccionamento (de 5 a 10 anos): mércores e venres de 12 a 13 horas.
 - Perfeccionamento (maiores de 11 anos): mércores e venres de 13 a 14 horas.
- ✓ A actividade de aquagym para adultos será os domingos de 12 a 13 horas.
- ✓ Establécese un número máximo de 10 inscritos/as por cada quenda de actividade, agás en aquagym que será de 15.
- ✓ O prazo de inscrición estará aberto ata completar as prazas.
- ✓ O prezo da actividade será de 20 € e establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas.
- ✓ Na semana do 22 ao 28 de xullo desenvolveranse ditas actividades de xeito gratuíto, para que os/as interesados/as poidan coñecerlas e valorar a súa inscrición para o mes de agosto, de ser o caso.

11.- AUTORIZACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE PERDA DUN DEREITO A COBRO E REINTEGRO DUN IMPORTE INDEBIDAMENTE PERCIBIDO

Con data 02/07/24 (RE núm. 1083) foi notificada ao Concello a resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), adoptada o día 12 de xuño de 2024 (Expediente ██████████), polo que se declara a perda do dereito ao cobro e o reintegro dun importe indebidamente percibido, en relación á subvención concedida por dita Axencia para o

financiamento do investimento denominado “*Mellora de camiño rural en Vistuíde (O Az)*” – Proxecto ██████████ – , ao abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2023 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do 03/03/23).

Considerando dita resolución non axustada a dereito, ademais de inxusta e discriminatoria para os intereses dos/as veciños/as do Concello, procede impugnala en vía xurisdiccional en demanda de tutela xudicial ante a presunta infracción do ordenamento xurídico por parte da Agader.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), adoptada o día 12 de xuño de 2024 (Expediente ██████████), polo que se declara a perda do dereito ao cobro e o reintegro dun importe indebidamente percibido.

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que designe aos profesionais competentes para a defensa letrada e a representación procesual do Concello ante o Xulgado competente.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 2.044,26 €
Por adquisición de diverso material audiovisual para a Casa do Concello, s/factura núm. 24152.

- RODOIL S.L. 76,58 € E 66,17 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de xuño de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000230 e 2024/24/000231 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 1.156,40 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público municipal, s/factura núm. G-20240067.
- KLEER KIM S.A.L. 1.167,16 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 0153 (FACe).
- RODOIL S.L. 253,76 €, 250,02 €, 273,98 €, 35,61 €, 445,85 € E 137,88 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xuño de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000232, 2024/24/000233, 2024/24/000234, 2024/24/000235, 2024/24/000236 e 2024/24/000237 (FACe).
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 292,22 €
Por traballos de baleirado da depuradora de Río, s/factura núm. S-20240094.
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240629 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL PANDEREITEIRAS PONTE DA PRATA 400,00 €
Por actuación na programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “Rodeiro de tapas 2024”, s/factura núm. A2.
- ANXO GARCÍA FERNÁNDEZ 600,00 €
Por representación do espectáculo “Cocer e cantar” dentro do programa “Ler conta moito”, s/factura núm. 24/06 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)